

Área: Competicións

Circular nº 01 - Temp. 24/25

DATAS INSCRICIÓN EQUIPOS TEMPADA 24/25

Infórmase a todos os clubs que dende o **4 ao 12 de xullo de 2024** estará aberto o prazo de inscrición das seguintes categorías de cara á participación nas seguintes competicións da tempada 2024/25:

- **1ª AUTONÓMICA MASCULINA (12 equipos).**

Na categoría 1ª Autonómica Masculina so poderán inscribirse os equipos con dereitos deportivos adquiridos na tempada 24/25, que son os seguintes:

1. Poio Artai
2. SAR Plastic Omnium
3. O Grove Paraiso Rasoeiro Bm.
4. Magope - Seis do Nadal
5. Mecalia Atlético Guardés
6. Valinox Novás B
7. Luceros B
8. U.B. Lavadores Vigo
9. Proquidez Balonmán Loriga
10. Bm. Línea21 Lignum Plus
11. Pavimentos Rías Baixas Bueu Atl. Bm.
12. Balonmán Chapela 1

- **1ª AUTONÓMICA FEMININA (10 equipos).**

Na categoría 1ª Autonómica Feminina so poderán inscribirse os equipos con dereitos deportivos adquiridos na tempada 24/25, que son os seguintes:

1. Tapería Dos Chata Bm. Cangas
2. Calvo Xiria
3. U.B Lavadores
4. A.D. Carballal Balonmán
5. Bm. SD. Samertolameu
6. Mantido SL Constr. Bm. Xallas.
7. Coreti Lalín
8. Mecalía Atlético Guardés
9. Indupor Bm Porriño
10. Solgaleo Bm. Pabellón

- **2ª AUTONÓMICA MASCULINA**

Na categoría 2ª Autonómica Masculina poderán inscribirse todos os equipos que non teñan dereitos adquiridos na categoría de 1ª Autonómica Masculina, tendo en conta que si se supera o número establecido en bases de competición (aprobadas na Asemblea Ordinaria), neste caso igual ou maior de 18 equipos, crearíase a competición de 3ª Autonómica Masculina; neste caso, informaríamos aos equipos implicados para que volvan a realizar a inscrición na categoría correspondente.

- **2ª AUTONÓMICA FEMININA**

Na categoría 2ª Autonómica Feminina poderán inscribirse todos os equipos que non teñan dereitos adquiridos na tempada 24/25 para a categoría de 1ª Autonómica Feminina.

- **XUVENIL, CADETE E INFANTIL (MASCULINAS E FEMININAS)**

Deberán realizar a inscrición entre o 4 e o 12 de xullo de 2024 os equipos que desexen participar nas seguintes competicións:

- Fase de Clasificación e Play Off. Deben inscribirse todos os equipos interesados en xogar en Liga Ouro na tempada 24/25.
- Liga Prata. Deben inscribirse todos aqueles equipos que teñen claro que **non** queren xogar en Liga Ouro na tempada 24/25.
- A data de inscrición das competicións de Liga Ouro nas diferentes categorías abrirase unha vez celebrados os Play Off de cada unha das categorías.

ALEVÍN MIXTO 7, ALEVÍN MIXTO 5, BENXAMÍN MIXTO E PREBENXAMÍN MIXTO.

Deberán inscribirse todos os equipos interesados en participar en cada categoría na tempada 24-25. Esta inscrición volverá a abrirse en setembro xunto coa de Prebenxamín Mixto, para todos eses clubs que aumentaron o número de deportistas nestas categorías froito da promoción nas escolas; pero a idea é ter unha orientación do número de equipos co que nos podemos atopar para ir traballando sobre as diferentes propostas e planificar as reunións de competicións.



En Vigo, a 4 de xullo de 2024